CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191











# ÁMBITO LINGÜÍSTICO

# CLUB DE LETRAS - RADIO

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| 1.-IDENTIFICACIÓN | |
|---|---|
| **TÍTULO DA TAREFA:** Un conto divertido que sae dos nosos corazóns. | |
| **ETAPA:** Educación Infantil | **NIVEIS:** 4º, 5º e 6º. |
| **ÁMBITO / ÁREAS:** Enfoque globalizado | **PROFESORADO:** mestra encargada do ámbito en Educación Infantil. |
| **DESCRIPCIÓN DA TAREFA**<br>Realización dun conto: os alumnos e alumnas de Educación Infantil, divididos en 5 grupos, crearán un conto entre todos/as de maneira que o primeiro grupo iniciará o conto, os grupos 2º, 3º e 4º partirán do xa inventado e crearán a súa parte e o 5º grupo encargarase de finalizalo. Este conto pasará a formar parte do fondo da biblioteca do colexio. | |
| **XUSTIFICACIÓN**<br>Esta tarefa traballará de xeito globalizado as tres áreas de Educación Infantil partindo cunha visita á biblioteca de Educación Infantil do noso centro. Os obxectivos desta visita serán estimular a curiosidade dos nosos alumnos e alumnas por este lugar (que hai na nosa biblioteca, para que son as bibliotecas, que se pode facer nunha biblioteca...) e crear un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. A partir desta visita redactaremos o noso propio conto, con diferentes linguaxes e formas de expresión (escritura, convencional ou non, plástica...). O obxectivo final será mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos e alumnas e que descubran todas as posibilidades que ofrece unha biblioteca. | |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| |
|---|
| |
| **CONTEXTO**<br>4º, 5º e 6º de Educación Infantil. O grupo é moi heteroxéneo polo que se intentará que todos colaboren segundo as súas capacidades. |

| **2. CONCRECIÓN CURRICULAR** | | |
|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| 1.-Motivación: visitaremos a Biblioteca de Educación Infantil. | CA5.2. Recoñecer a biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. | Escala de valoración. |
| 2.- Que é unha biblioteca? Para que serve? Que se pode facer nela? | CA1.1. Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferencias individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Escala de valoración. |
| 3.- Elaboración do noso conto. | CA1.1 Participar de maneira activa | Escala de valoración. |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| | | |
|---|---|---|
| | e axustada, espontánea e respectuosa coas diferencias individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.<br>CA4.1. Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.<br>CA4.4. Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo…<br>CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. | |
| | | |

| CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA |
|---|
| A biblioteca de centro como recurso de aproximación á literatura. Convencións sociais de intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, |

| |
|---|
| quendas de diálogo e alternancia. Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. |

| 3.TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **LUGAR DA ACTIVIDADE** | **AGRUPAMENTO** | **RECURSOS** | **TEMPORALIZACIÓN** |
| 1.-Actividade de motivación: visita á biblioteca de Educación Infantil. | Biblioteca de Educación Infantil. | Gran grupo. | Todos os que ofrece a biblioteca. | 15 minutos. |
| 2.- Que é unha biblioteca? Para que serve? Que se pode facer nela? | Biblioteca de Educación Infantil. | Gran grupo. | Todos os que ofrece a biblioteca. | 15 minutos. |
| 3.- O noso conto | Aula Aprender a aprender. | Gran grupo. | Materiais de escritura, debuxo | 50 minutos. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | e plástica. | |
| 4.- Actividade de reforzo (para que a fagan os nenos e as nenas que precisen redución de contido): elaborar un debuxo relacionado co capítulo do conto que estamos inventando. | Aula Aprender a aprender. | Individual | Materiais de debuxo e plástica. | 20 minutos. |
| 5.- Actividade de ampliación: organizar os debuxos e demais producións plásticas para o noso conto. | Aula Aprender a aprender. | Gran grupo. | Materiais de escritura, debuxo e plástica. | 20 minutos. |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191



| 4.-AVALIACIÓN | | |
|---|---|---|
| **ASPECTOS A AVALIAR** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** | **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| ALUMNADO<br><br>(ENSINANZA-APRENDIZAXE) | - ESCALA DE VALORACIÓN.<br>- REXISTRO DE OBSERVACIÖN DIRECTA. | Como? Mediante a observación directa e sistemática.<br><br>Quen? A mestra coordinadora de ámbito e as persoas que interveñen.<br><br>Cando? Ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos. |

| RÚBRICA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ITEMS | | 4 | 3 | 2 | 1 | CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
| TRAB ALLO EN | A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO | Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás | Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás | Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á | Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra | ACRR-CA7.5 |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | súas e procura incluílas no traballo. | súas con axuda dun adulto. | reflexión con axuda dun adulto. | interese por facelo. | |
| | B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade. | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade. | Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso. | Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado. | ACRR-CA1.1 |
| | C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo. | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso. | Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo. | Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece. | ACH-CA2.6 |
| | D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga. | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra. | Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra. | Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas. | ADEC-CA2.7 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ORGANIZACIÓN | E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións. | Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo. | ACH-CA3.5 |
| COMPRENSIÓN,EXPRE, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES | F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS | É quen de comprender os contidos traballados, de inferir ideas e consecuencias a partir deles. | É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos. | É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos. | Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos. | ACRR-CA3.2 |
| | G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL | É quen de comprender un texto escrito ou un oral con apoio docente. | É quen de comprender a maior parte dun texto escrito ou un oral con apoio docente. | É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio. | Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultade cun oral. | ACRR-CA4.1 |
| | H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL | É quen de producir un texto escrito ou un oral. | É quen de producir un texto escrito ou un oral, case sen apoio docente. | É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio. | Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultade cun oral. | ACRR-CA4.4 |

| DESEÑO DA TAREFA -ficha de recollida de información | | |
|---|---|---|
| A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula. | SI | NON |
| A tarefa respecta a atención á diversidade. | | |
| Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito. | | |
| Os obxectivos propostos foron acadados. | | |
| A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma. | | |
| Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces. | | |
| Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.<br>A temporalización prevista axustouse á realidade. | | |
| Foi necesario engadir algún elemento non previsto. | | |
| Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz. | | |
| A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada. | | |
| A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro. | | |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| | | |
|---|---|---|
| **Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXO** | | |
| | **SI** | **NON** |
| Tívose como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...). | | |
| Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula. | | |
| Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas. | | |
| Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia. | | |
| A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada. | | |
| Tívose en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades. | | |
| Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día. | | |
| Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. | | |
| As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado. | | |
| O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa. | | |
| O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa. | | |
| Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso. | | |